

# DSPACE da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

---

A. I. Boullón Agrelo (2009): “Sobre a estandarización da antroponimia: *Anxelo/Anxela e familia*”, *Estudos de Lingüística Galega* 1, 191-197.

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

# Sobre a estandarización da antroponimia: *Anxelo* / *Anxela* e familia

Ana Isabel Boullón Agrelo

*Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela*

Recibido o 13/02/2008. Aceptado o 1/07/2008

**On the standardization of personal names:  
*Anxelo* / *Anxela* and family**

## Resumo

Na primeira parte deste traballo abórdanse cuestións xerais para a estandarización lingüística da antroponimia, tendo en conta a súa pertenza ó nivel léxico e as cuestións legais pertinentes que regulan xuridicamente o seu uso e modificación. Despois exemplifícanse os ditos criterios co caso do nome *Anxelo* / *Anxela*, e as distintas formas que foi xerando co paso do tempo. Dáse conta da súa historia en Galicia, desde a súa aparición, contra o século XVII, a existencia de formas propiamente galegas e a castelanización nos rexistros oficiais, o seu rápido ascenso e a aparición das novas formas no séc. XX. Os datos históricos tíranse fundamentalmente dos Catastros de Ensenada, para o século XVIII, e o censo do Instituto Nacional de Estadística (INE-Madrid) correspondente ó ano 2002, para o século XX. Finalmente, propóñense as formas consideradas estándares, de entre todas as contabilizadas nas diversas fontes.

## Palabras chave

Léxico, antroponimia, bilingüismo, cambio lingüístico, política lingüística

## Sumario

1. Os criterios para a estandarización da antroponimia. 2. *Anxela* / *Anxelo* e familia.

## Abstract

In the first part of this article I will address general questions regarding the linguistic standardization of personal names, given their significance in terms of the lexicon. In addition, criteria regulating their legal use and modification will be considered. In the second part, these issues are examined in terms of the names *Anxelo*/*Anxela*, and the different forms that they have generated over time. Their history in Galicia is reviewed, from their emergence during the seventeenth century, the existence of authentic Galician forms and the tendency to Castilianise them in official written uses, to their rapid consolidation and the emergence of new forms during the twentieth century. The historical data employed in this article are sourced mainly from the land registries (catastros) of Ensenada for the eighteenth century, and from the 2002 census of the Statistical National Institute (INE-Madrid) for the twentieth century. Finally, the standard forms are propounded by drawing upon the different forms which occurred in the several sources.

## Keywords

Lexicon, personal names, bilingualism, language change, language policy

## Contents

1. Criteria for the standardization of personal names. 2. *Anxela* / *Anxelo* and family.

## 1. OS CRITERIOS PARA A ESTANDARIZACIÓN DA ANTROPONIMIA

A antroponimia, o conxunto dos nomes propios de persoa (nomes e apelidos), procede en última instancia do léxico común, aínda que na actualidade unha boa parte das súas formas sexan opacas e esa relación non se manifeste de maneira inmediata. Con todo, os criterios para a súa estandarización non poden ser exactamente os mesmos cós do léxico común, dadas as súas peculiaridades. En calquera caso, ata o momento non se lle ten prestado unha atención específica: de feito, nos principais textos normativos (as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* e o *Vocabulario ortográfico da lingua galega -VOLG-*, ámbolos dous do ILG / RAG) non se fai referencia ós nomes propios de persoa nin ós apelidos. Se consideramos a outra póla principal da onomástica, a toponimia, a situación é bastante diferente, non só nos aspectos referidos á planificación do corpus, senón tamén á planificación do status, pois a regulación dos nomes de lugar consta na Lei de normalización lingüística (1983), onde se establece que “os topónimos terán como única forma oficial a galega”; a Comisión de Toponimia, dependente da Xunta de Galicia, ditaminou xa a forma oficial dos topónimos maiores (*Nomenclátor de Galicia*, 2003).

A lexislación que regula os nomes propios, a Lei do rexistro civil (modificada por última vez en 1999)<sup>1</sup>, prohibe que se impoñan nomes “que obxectivamente prexudiquen á persoa” (como *Xudas*), diminutivos ou variantes familiares e coloquiais “que aínda non alcanzasen substantividade propia” (*Pepita*), ou “que induzan no seu conxunto a erro en canto ó sexo da persoa” (*Olalla* para un home)<sup>2</sup>. Así pois, desde o punto de vista legal non hai, coma antano, ningunha prescrición no que toca á lingua en que se expresen eses nomes: se durante o franquismo era obrigado consignar os nomes exclusivamente en español, e na primeira reforma de 1977 se consentía utilizar “calquera das linguas españolas”, agora admítense incluso linguas foráneas, como se ve facilmente coa recente moda dos nomes en inglés (como *Jonathan*, *Christian*, *Jessica*, *Jennifer*, etc.: vid. Boullón 2007a: 108-9).

Pero, se hoxe en día non hai obstáculo legal para pórllas ós nados un nome en galego, non houbo tampouco por parte da administración ningunha iniciativa que aconsellase ou fomentase a restitución das formas galegas, tendo en conta que a castelanización a que se viu sometido o corpus dos nomes propios desde o século XVI motivou unha total ausencia das formas propias, cando menos nos rexistros oficiais. Unicamente houbo algunhas iniciativas individuais, como por parte da Mesa pola Normalización Lingüística (<http://www.amesanl.org/especiais.html>) ou o Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela (<http://www.usc.es/snl/dinamiza/galeguiza1.htm>), que ofrecen nas súas páxinas web indicacións de como facer a restitución das formas galegas dos nomes e apelidos e listaxes de nomes. Así pois, hoxe por hoxe, a restitución das formas propias no caso dos apelidos ou a galeguización do corpus dos nomes é un proceso que avanza moi devagar, sobre todo en comparación co que ocorre con Cataluña e no País Vasco, por exemplo. Mesmo se dan casos en que os funcionarios xudiciais poñen atrancos á hora de conseguir, no que toca ós apelidos, “regularizalos ortograficamente cando a forma inscrita no Rexistro non se adecúa á gramática e fonética da lingua española correspondente” como indica a devandita lei<sup>3</sup>.

En canto á planificación do corpus, o único texto onde se recollen formas consideradas estándares dos nomes propios coa ratificación da Real Academia Galega (que é, recordemos, a institución que goza da potestade normativa), é o *Diccionario dos nomes galegos* (1992; en diante, DNG). No informe que se reproduce neste libro, a RAG advirte:

<sup>1</sup> Lei 40/1999, do 5 de novembro, BOE 266, 6/11/1999.

<sup>2</sup> Para o comentario e a aplicación non sempre coherente desta lei, vid. Villares Naveira 2007.

<sup>3</sup> A pesar da claridade deste artigo, houbo algunhas denegacións sorprendentes. Por exemplo, *Outeiro* (co argumento de que existe *Otero* en castelán, aínda que está máis ca demostrado que en Galicia é resultado da castelanización case sistemática da forma orixinal), *Vilamedá* ou *Xaneiro*, que pretendían corrixir as formas deturpadas *Villamedá* ou *Janeiro*, que non son nin galegas nin castelás, senón unha mestura das dúas linguas. Para máis detalles sobre estes casos, vid. Boullón 2007b: 7-9.

A onomástica persoal é un sistema aberto no que a creatividade dos falantes non ten máis límites cós da prudencia. Isto quere dicir que os nomes de persoa galegos non se esgotan cos propostos neste libro; o feito de non figurar un nome neste dicionario non quere dicir que non sexa galego, pero deberá ser obxecto dun dictame particular (DNG: 9).

O criterio xeral para a confección deste dicionario foi a inclinación clara pola forma galega, sexa histórica ou recente, e sempre adaptada ás normas gráficas vixentes. É este un criterio que parece razoable, dado que a creatividade que permite incrementar o corpus dos nomes galegos non ten por que ter limitación en formas dialectais (como *Adrao*), antigas (como *André* ou *Andreu*), hipocorísticos (*Maruxa*, *Sabela*, *Xenxa*, *Xan*, *Xaquín*) ou extraídas doutros corpus, como a toponimia (*Iria*, *Irimia*, *Antela*, *Aldán*, *Avia*, *Dubra*) ou mesmo o léxico común (*Xiada*, *Noite*, *Rocha*, *Doa*)<sup>4</sup>.

Na sección de Onomástica do Instituto da Lingua Galega estase a elaborar un elenco das formas que se poden considerar estándares, co fin de completar (e corrixir nalgúns aspectos) ese repertorio existente e servir de axuda no momento do rexistro oficial. Enténdese que, en última instancia, o criterio ortográfico e morfolóxico é o das devanditas *Normas*, e para o léxico, o do *VOLG*; pero hai que ter en conta as especificidades da onomástica e, no que se refire ós nomes ou apelidos detoponímicos, os criterios atendidos para a confección do *Nomenclátor* (como, por exemplo, o respecto polas formas dialectais). En realidade, cada un dos nomes necesita un estudo específico sobre a súa etimoloxía, historia, época de introdución, etc. Aquí preséntanse os datos referentes ó nome *Anxela* / *Anxelo* e os relacionados con el, xunto cunha proposta de estandarización.

## 2. *Anxela* / *Anxelo* e familia

O culto ós anxos custodios ou da garda foi difundido pola igrexa católica contra o séc. XVII, e por iso un ítem onomástico que non se documenta en absoluto na Idade Media xa ten 28 ocorrencias nos Catastros de Ensenada<sup>5</sup> (de mediados do século XVIII); ademais, no seu estudo específico sobre a parroquia de Berdoias, Lema (2006 CDRom: 131-136) dátao por primeira vez en 1664 (a forma feminina en 1698), e teno como 11º por orde de frecuencia no conxunto do período considerado, coa incidencia máis alta no XVIII.

A forma popular galega foi *Anxelo*, con acentuación paroxítona, no *e* (co seu correspondente feminino, *Anxela*). A acentuación debería ser proparoxítona, conforme o seu étimo (o latín eclesiástico *ANGĒLUS*, e este do grego), e tal e como ocorre en español (*Ángel*) e en portugués (*Ángelo*), e conforme tamén co que ocorreu coa forma léxica correspondente, *anxo* (medieval *angeo*, desde o séc. XIII). Pero como me apuntou oralmente Antón Santamarina, neste caso debeu operar unha retroformación a partir do diminutivo: de *Anxeliño* tiraríase un primitivo *Anxelo*, cunha terminación tónica *-elo* idéntica á forma dun sufixo diminutivo xa improdutivo na Idade Media, pero presente con certa frecuencia nos hipocorísticos onomásticos, como *Carmela*, *Sabela*, *Nela* / *Nelo*, *Lela* / *Lelo* (vid. Boullón 2007c: 29-30).

No que toca ás atestacións históricas, non temos maneira de saber se son formas graves ou agudas, pois normalmente non existen acentuación gráfica. Hai, no entanto, atestacións indirectas, como cando a palabra en cuestión está en posición de rima (e a que vou citar débolla ao avaliador anónimo deste traballo). Trátase dun poema de Francisco Añón titulado "Recordos da infancia / Égloga", publicado por primeira vez en 1845, e que nos permite ver que a forma paroxítona era tamén a habitual no séc. XIX:

<sup>4</sup> Para outras peculiaridades da estandarización dos nomes e apelidos, véxanse as consideracións feitas por Navaza 2002 e Boullón 2007b.

<sup>5</sup> Máis tres como segundo nome en compostos; isto significa que está dentro dos 30 nomes máis frecuentes. Os datos están tirados da base de datos da Sección de Onomástica do ILG, que abrangue máis de 8.500 cadeas onomásticas correspondentes ós catastros da Coruña, Santiago, Tui, Cabanas, Coristanco e Betanzos, das que 6.800 corresponden a personaxes masculinos.

«Con que solás facía varios ramos  
de froliñas do monte para Anxéla!  
(este era o nome dela)  
na cabeza poñíal(l)as en roda...  
Oí, era un gusto mais graciosa vela  
q' unha novia no día da súa boda»<sup>6</sup>.

Como adoita ocorrer con outros nomes, a forma propiamente galega sobreviviu como alcume, exclusivamente con uso coloquial, nas áreas rurais ou vilegas, a pesar de que nos rexistros oficiais figurase unicamente a forma española, práctica que se xeneralizou, como se sabe, a partir do século XVI. Desa maneira, as formas realmente usadas pola xente (nomes galegos e hipocorísticos) durante todo o longo período dos Séculos Escuros só se poden ver en determinados tipos de escritos (os textos de Sarmiento, as *tertulias* ou *parolas* que constitúen as primeiras mostras escritas no XIX, e outros semellantes (vid. Boullón 2007c: 13-14). A imaxe, pois, da antroponimia como un conxunto totalmente castelanizado que nos ofrecen as fontes onomásticas existentes (coma os catastros de Ensenada), é un tanto distorsionada, pois só debeu acadar o seu máis alto grao na segunda metade do século XX.

Cando, a finais do século XX, algúns dos moi numerosos portadores da forma castelá, *Ángel*, quixeron galeguiza-lo seu nome, seguramente a ignorancia da existencia da forma tradicional, diverxente da voz do léxico común, fixo que a opción escollida fose a tradución literal do nome común, *Anxo*; mesmo apareceu unha nova forma para o feminino, sen correlato con ningún substantivo, *Anxa*, aínda que a forma preferida é *Anxela* (ou *Ánxela*: non se pode determinar a acentuación pois nos censos do INE os nomes e apelidos veñen sen tiles). E así, no que debeu ser o elenco de nomes propios galegos máis difundidos a finais da década de 1970, o do padre Seixas (1977), figura *Anxo* como "nome base ou máis aconsellado", e, como variantes e por esta orde, *Ánxel* (que en realidade é un calco do castelán, e que tamén tivo certa fortuna, como máis adiante comentaremos), e outras que non conseguiron callar, como *Ánxele* (a anterior cun -e paragóxico), *Anxelo* (a forma popular), *Anxeo*, *Anxio* (a forma medieval do substantivo común con grafía moderna), e *Xelo* (un hipocorístico, coa anotación "familiar"). En canto ás formas femininas que rexistra o padre Seixas, *Ánxela* figura como entrada, e despois, a seguir, *Anxela*, *Anxos* e finalmente *Xela*, tamén como "familiar", coherentemente coa forma masculina.

Hoxe en día o masculino *Anxo* alcanzou unha gran fortuna (case 600 ocorrencias no censo do Instituto Nacional de Estadística, INE, de 2002, de onde tiramos os datos), de maneira que se trata dunha forma galega moi asentada; de feito, é unha das primeiras formas galegas dentro do ránking dos nomes preferidos. Pola contra, no Censo de 2002, *Anxelo* só é nome de catro nenos (todos eles nados entre 1990 e o 2002), en contraste cos 13.239 que se chaman *Ángel* ou 918 que son *Anxo*. A galeguización fonolóxica da forma castelá, *Ánxel*, ten unha presenza moi discreta: o seu pico son seis persoas nadas nas décadas de 1950 e 1970; aínda é menor a presenza de *Xelo*, que non figura sequera no gráfico porque só unha persoa o leva, nacida na década de 1970. No gráfico 1, onde a columna vertical representa o número absoluto de persoas que portan o nome, apréciase claramente como nas últimas décadas do século XX a forma galega vai medrando e a castelá diminuíndo, nunha progresión que parece continuar. De feito, nos datos do INE correspondentes ós nados na década de 2000, *Anxo* figura como o 12º máis frecuente na provincia de Ourense<sup>7</sup>.

<sup>6</sup> Fernando Bel Ortega (1991): *Vida e obra de Francisco Añón* [A Coruña]: Fundación Barrié de la Maza, 234-5, 239.

<sup>7</sup> Nesa lista (<http://www.INE.es/daco/daco42/nombypapel/nombypapel.htm>) só aparecen os 20 primeiros nomes. Téñase en conta, en todo caso, que estes datos corresponden sempre a persoas das que constan os seus nomes con esta grafía nos censos oficiais, pero hai moitos casos de adultos en que se usan publicamente as formas galegas sen pasar polo trámite da modificación no Rexistro. Obviamente, eses datos, que aumentarían a proporción das formas galegas, non se poden ter en conta aquí.




Gráfico 1. Anxo / Ángel / Ánxel no séc. XX

A forma feminina non gozou de tanta popularidade coma o equivalente masculino, pero, porén, a advocación mariana correspondente, *María Ángeles* (ou *María de los Ángeles*, ou *Ángeles*), tivo aínda máis éxito, pois chegou a acadar o posto 10 no ránking total na década de 1960 (e se se suman as formas con ou sen *María*, alcanzou o posto 8<sup>o</sup>). A partir de 1980 a súa preferencia descendeu vertixinosamente: como se ve no gráfico 2, o gusto inclinouse a favor de *Ángela*, que chegou ás cifras que acadara a principios do século. Esta era a forma máis tradicional, pois é a única que se atesta no catastro do Marqués da Ensenada<sup>8</sup>. O auxe de (*M<sup>a</sup>*) *Ángeles* coincide case exactamente co período franquista.




Gráfico 2. As formas femininas no séc. XX

Dado que neste gráfico non se aprecia a progresión das formas galegas, que son numericamente moi inferiores ás correspondentes castelás, preséntanse nun gráfico específico (o n<sup>o</sup> 3), incluíndo ademais o hipocorístico *Xela*. As formas galegas son moito máis escasas: como

<sup>8</sup> No corpus da Sección de Onomástica do ILG ten 46 ocorrencias, sumando o nome simple e os compostos, o que constitúe o 2,5% de tódolos nomes de muller, e o 11<sup>o</sup> por orde de frecuencia, semellante ó que vimos antes para a forma masculina correspondente.

ocorreu con *Ángel*, procedeuse á tradución daquela forma máis espallada, polo que se crea un novo nome, *Anxos* (que, contra o que é usual, é morfoloxicamente masculino e plural, o que só ocorre nos nomes procedentes de advocacións marianas), que aparece nomeando unha muller nacida na década de 1920, outra na de 1940, e desde a de 1950 incrementábase moi lixeiramente; o seu declive posterior ten que ver, sobre todo, co do propio ítem onomástico, pois ocorre tamén coa forma castelá correspondente. A forma máis tradicional, *Anxela*<sup>9</sup>, aparece desde os anos 60, e ten desde aquela 167 ocorrencias. Por último, tamén se deu *Anxa*, a feminización de *Anxo*: tres mulleres, nadas na década de 1980.




Gráfico 3. *Anxela* e variantes no séc. XX

Xa tivemos a ocasión de mencionar algunha das principais formas hipocorísticas, *Xelo* e *Xela*, que figuran nos repertorios onomásticos mencionados e que se incorporaron ó elenco dos nomes dos galegos, con especial éxito a forma feminina. E a partir deles formáronse outros con diversos sufixos diminutivos, tales como *Xeluca/-co*, *Xelucha/-co*, mesmo coas variantes castelanizadas foneticamente (*Geluca/-co*, *Gelucha/-cho*)<sup>10</sup>. Tamén algunhas delas chegaron a figurar no rexistro oficial: no Censo aparecen *Gelucha* e *Geluca*, coas ocorrencias e nas décadas que se indican no seguinte cadro:

	1930	1940	1950	1960
GELUCHA		1		1
GELUCA	1	1	1	

Nestas décadas constan no Censo máis hipocorísticos sufixados en *-ucha/-o* (*Antucha*, *Genucha*, *Lelucha*, *Lucho*, *Lucha*, *Melucha*, *Milucha*, *Tinucha*) e mais en *-uca/-o* (*Chuco*, *Farruca*, *Fuco*, *Fuco*, *Farruco*), pero, coma estas, danse case todas na primeira parte do século: o procedemento de formación hipocorística con estes sufixos tradicionais está en decadencia, pois agora fórmanse por vías distintas (vid. Boullón 2007c: 34-38).

Unha vez examinada a orixe, a vitalidade e as formas rexistradas sobre estes ítems onomásticos, volvamos ó DNG, única fonte actual, como dicíamos, de formas estandarizadas. Nel recóllese como entrada principal *Anxo* / *Anxa*, e como variantes, *Ánxelo*, *Xelo* / *Anxela*, *Xela*,

<sup>9</sup> Ignoramos se con acento grave ou esdrúxulo, pois no censo do INE as palabras están sen acentuar.

<sup>10</sup> No DNG s.v. *Anxo* / *Anxa* constan ademais outros hipocorísticos, como *Xele*, *Xeleto*, *Xeliño*, *Lucho*, *Chicho*, *Chichiño*, *Pirucho*, *Tito*, e, para o feminino, *Goriña* (?).

as cales figuran tamén como entradas remisivas<sup>11</sup>. Parece claro que a forma *Anxo*, aínda que a súa orixe sexa unha tradución directa da forma castelá, é un nome xa totalmente incorporado ó elenco dos nomes galegos e que, ademais, goza de moita predilección nos últimos anos. A forma *Anxa* é unha feminización a partir do masculino, que, pola contra, non ten tanta aceptación; pero, desde logo, non debe ser este o criterio que guíe á hora de decidir cales son as formas posibles, e si pode incidir o da coherencia paradigmática, que xoga ó seu favor. Por outro lado, en canto a *Ánxelo*, con acentuación esdrúxula, é unha adaptación fonética do portugués (*Ángelo*); a forma feminina, *Ánxela*, é máis probablemente unha adaptación da forma castelá correspondente. Dada a existencia dunha forma tradicional e directamente procedente do étimo onomástico *Anxelo* / *Anxela*, que aínda ten vixencia popularmente, parece claro que é esta a que debe ter preferencia fronte ás outras. Se consideramos as variantes hipocorísticas, *Xela* e *Xelo*, non cabe dúbida de que xa alcanzaron categoría de nomes, e, no caso da feminina, o seu uso nos últimos tempos non fai senón incrementarse.

A outra forma feminina específica, *Anxos*, figura como entrada con *Ánxeles* (un claro castellanismo) como variante, que tamén consta como entrada remisiva. Trátase dunha advocación mariana (vid. DNG, s.v.) que, como moitos nomes de inspiración católica, está tamén en retroceso; en todo caso, e tendo en conta tamén a existencia en portugués de *Maria dos Anjos*, non parece haber problema para a inclusión da forma específica galega, *Anxos*, no elenco dos nomes galegos.

En definitiva, a serie que comezou como *Anxelo* / *Anxela* foi frutificando, por diversas circunstancias, con formas como *Anxo* / *Anxa*, *Xelo* / *Xela* e mais o feminino *Anxos*. Constitúe unha boa mostra de como opera a creatividade onomástica e de como factores non estritamente lingüísticos actúan para arriquecer o corpus dos nosos nomes.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2007a): "A escolla dos nomes en Galicia a finais do século XX", en Luz Méndez / Gonzalo Navaza (eds.), "Actas do I Congreso Internacional de Onomástica "Frei Martín Sarmiento". Santiago de Compostela, 2, 3 e 4 de setembro de 2002". Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica / Instituto da Lingua Galega, 99-114.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2007b): "Cara a unha estandarización da onomástica galega", en David Trotter (ed.), "Actes du XXIVe Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes. Aberystwyth, 1<sup>er</sup>-6 août 2004", vol. 2. Tübingen: Max Niemeyer, 3-16.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2007c): "Farruco, Paco, Fran: datos históricos e evolución dos hipocorísticos en Galicia", *Revista Galega de Filoloxía* 8, 11-56.
- DNG = Ferro Ruibal, Xesús (dir.) / Ana I. Boullón Agrelo / José M<sup>a</sup> Lema / Fernando R. Tato Plaza / J. M. García (1992): *Diccionario dos nomes galegos*. Vigo: Ir Indo.
- Lema, Xosé M<sup>a</sup> (2006): *Onomástica histórica dunha parroquia galega: Berdoias (1607-2000)*. I. Os nomes masculinos. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica / Instituto da Lingua Galega. [Inclúe un CD-Rom]. Rec.: RION 13 (2007), 2, 620-1.
- Navaza, Gonzalo (2002): "A galeguización de nomes e apelidos: estado da cuestión", en *Actas dos IV Encontros para a Normalización Lingüística (9 e 10 de Novembro de 2000)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, [263]-271. <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/IVencontros.pdf>
- Seixas Subirá, Xaime (1977/19844): *400 nomes galegos pra homes e mulleres*. Santiago: SEPT.
- Villares Naveira, Luís (2007): "Aspectos legais sobre a imposición e o cambio dos nomes e apelidos", en Luz Méndez / Gonzalo Navaza (eds.), *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica "Frei Martín Sarmiento"*. Santiago de Compostela, 2, 3 e 4 de setembro de 2002. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica / Instituto da Lingua Galega, 353-361.

<sup>11</sup> Hai unha pequena incoherencia que debe estar motivada nunha errata: na entrada remisiva consta *Ánxela* (con acento gráfico), e como variante, s.v. *Anxo*, *Anxela* (sen acento gráfico).